



IV PREMIO ESTUDO E DEPORTE

Con esta iniciativa do IES Mugardos en colaboración co Concello de Mugardos, o Concello de Ares, o Club do Mar de Mugardos, a SDC Galicia de Mugardos e a ANPA O Castro premiamos aos estudantes do centro que mellor se desenvolven nos aspectos social, deportivo e académico.

Entre todos queremos poñer en valor a capacidade de organizarse e de programar o tempo con eficacia para render positivamente nos estudos e na actividade física.

OBXECTIVOS

- Premiar e valorar o esforzo dos estudantes-deportistas do IES Mugardos
- Promocionar as actividades deportivas
- Mellorar o rendemento escolar
- Incentivar valores sociais, deportivos e académicos.
- Integrar os ámbitos escolar e deportivo

PARTICIPANTES

Alumnado do IES de Mugardos que practica deportes ou actividades físicas regulamentadas, individuais ou colectivas coa supervisión dun adestrador ou adestradora.

Será necesario que a entidade na que o alumno ou alumna desenvolva a súa actividade estea disposta a participar nesta iniciativa.

BAREMACIÓN

Tanto nas entidades deportivas como no IES Mugardos, cada alumno ou alumna deportista será valorado con **1, 1.5, 2, 2.5 ou 3** puntos nos seguintes apartados:

Respecto:

- Saúda deportivamente aos contrincantes tanto se gaña como se perde, non lles mostra desprezo, respecta a súa integridade física, non responde ás provocacións e acepta as súas disculpas.
- Non discute cos compañeiros nin marxina a ninguén. Facilita a socialización das novas incorporacións.
- Atende as explicacións e respecta as decisións do profesorado, entrenadores e persoas que arbitren ou xulguen. Cumpre as sancións en caso de que as houbera.
- Mostra educación e respecto con todo o mundo: compañeiros, adestradores, profesorado, persoal de **limpeza**, conserxes, axudantes, ...
- Nas sesións deportivas fai estiramientos e, ao rematalas, aséase.

Rendemento:

Ten espírito de superación. É perseverante ata acadar novas habilidades

- O rendemento académico obtérase a partir da nota media acadada **na segunda avaliación do curso** e tomará valores comprendidos entre 1 e 3.

Participación:

- Asiste e é puntual aos adestramentos, clases, partidos, competicións e outras actividades programadas.
- Anima e axuda aos compañeiros. Refórzaos con frases positivas. Non protesta cando é substituído.

Ademáis o tempo de adicación semanal á actividade física valorarase en DÍAS e HORAS coas seguintes puntuacións:

Días		Horas	
1 ou 2 días	0,5	Ata tres horas semanais	0,5
3 días	1	Máis de 3 e menos de 6 horas semanais	1
Máis de 3 días	1,5	Máis de 6 horas semanais	1,5

AVALIACIÓN

- Despois de ser valorados os aspectos anteriores na entidade e no instituto, súmanse as puntuacións acadadas por cada alumno ou alumna que poderán alcanzar un máximo de 24 puntos.
- Si o alumno ou alumna participa en máis dunha actividade física, teranse en conta as valoracións medias e sumaranse os tempos de adicación á actividade deportiva.
- Existirá un Comité Avaliador que se reunirá no mes de maio para outorgar os premios.
- Establécense tres categorías

ESO 1-2	Alumnado de 1º e 2º de ESO
ESO 3-4	Alumnado de 3º e 4º de ESO
BAC	Alumnado de Bacharelato

PREMIOS

- Haberá dous premios -feminino e masculino- por categoría. En caso de empate decide á maior puntuación no rendemento académico.
- Os premios consistirán en diploma, trofeo, dotación económica e vale para uso do complexo acuático O Castro durante un mes.
- Os premios entregaranse nun acto no mes de xuño.

ENTIDADES E DEPORTISTAS:

Entidade	Número de deportistas	Entidade	Número de deportistas
Fútbol. SDC Galicia de Mugar dos	31	Baile. Fusión Dance Fene	2
Remo. Club do Mar de Mugar dos	18	Kárate. Casino Ares	2
Fútbol. SDC Numancia de Ares	14	Artes marciais As Pontes	1
Club danza Móvete Mugar dos	10	Baile moderno/Ballet Sada	1
Natación/Musclatura. Complexo Acuático O Castro	8	Balonmano. Club balonmano Pontedeume	1
Remo. Club de Remo Ares	5	Kárate. ESK Narón	1
Kárate. ESK Franza	5	Musclatura. Ximnasio Multigym	1
Fútbol. Racing Club Ferrol	4	Fútbol. S D O Val	1
Tenis. Club Tenis Redes	4	Golf. Paderne Golf Club	1
Zumba O Seixo	4	Tenis. Concello Mugar dos	1
Atletismo. Escola atletismo Paula Mayobre	3	Tiro con arco Ares	1
Baile. DanzAres	3	Tiro con arco Mugar dos	1
Ximnasia rítmica	3	Triatlón Ferrol+Natación Ferrol	1
Número de deportistas 2015	124 (*)		

(*) Hai deportistas en máis de unha especialidade